# TEMA 5



## EXPANSIÓN COLONIAL E IMPERIALISMO (1870-1914)

# 1. O IMPERIALISMO E AS SÚAS CAUSAS

- **Imperialismo** = conquista e dominación colonial dos países menos desenvolvidos (África, Asia) polas potencias capitalistas (Europa, EEUU e Xapón), a partir do derradeiro ¼ do S. XIX.
- Imperialismo (ou colonialismo) ➔ relación de **dominación desigual entre 2 entidades:**
  - ☠ **Dominador** (potencia capitalista) = metrópole.
  - ☠ **Dominado** (áreas menos desenvolvidas) = colonia.
- Cales son os factores explicativos do fenómeno? Varios factores parciais e insuficientes:

A) Factores económicos e demográficos

B) Factores políticos e ideolóxicos






# MAPA DOS PRINCIPAIS POTENCIAS COLONIAIS (1914)

A) FACTORES ECONÓMICOS E DEMOGRÁFICOS (= insuficientes para explicar a totalidade do proceso). Entre eles, destacan:

€ **Desenvolvemento económico capitalista**, que vese amenazado por unha **crise a finais de século** (a partir de 1876), que provoca:

☹ ***Problema***: **saturación e contración dos mercados** → volta ao **proteccionismo** → dificultades.

☹ ***Alternativa***: **colonias que aseguren materias primas e mercados** para productos europeos.

- Capitalismo **transforma a economía das colonias** en función dos intereses da metrópole (proporcionar recursos naturais e mercados de consumo para produtos industriais).
- Sen embargo esta **explicación é insuficiente** → unha alta % do comercio internacional realízase entre as propias metrópoles.



Canadá
Estados Unidos
California
Rusia
550.000 rusos
1,7 millóns de escandinavos
5 millóns de alemáns
4,1 millóns de irlandeses
12,7 millóns de ingleses
2 millóns de italianos
2 millóns de rusos
1,5 millóns de franceses no norte de África
Imperio Otomano
China
India
Birmania
Siam
Malasia
Ceilán
ÁFRICA
escravos
escravos
escravos
AMÉRICA CENTRAL
AMÉRICA DO SUR
Brasil
3,6 millóns
I. Mauricio
Colonia do Cabo
Natal
Australia
Nova Zelandia
2 millóns de ingleses en Australia e en Nova Zelandia
EMIGRACIÓN
Europea
India
Chinesa
Xaponesa
INVESTIMENTOS ESTRANXEIROS
(Orixe dos capitais)
Británica
Alemana
Francesa
Estadounidense
VOLUME DE CAPITAL
4.000 millóns de dólares
2.000 millóns de dólares
800 millóns de dólares

b) **Enorme acumulación e concentración de capitais tras Rev Industrial**: precisan **novos lugares de investimento** ➔ *alternativa:* **colonias onde investir con maior nivel de beneficios.**

Sen embargo, **explicación insuficiente** ➔ unha alta % do investimento realízase entre metrópoles.

c) **Crecemento demográfico europeo**: supera á capacidade de emprego ➔ excedente de poboación ➔ **emigración** ➔ *alternativa*: **colonias de poboamento para inmigración branca.**

Sen embargo, **explicación insuficiente** ➔ unha alta porcentaxe de emigración vai á America non colonial.





## EL CRECIMIENTO DE LA POBLACIÓN MUNDIAL*

| Países y continentes | 1800 | 1914 |
|---|---|---|
| Europa (con Rusia) | 180 | 460 |
| Estados Unidos y Canadá | 6 | 100 |
| Japón | 26 | 52 |
| TOTAL **(países dominantes)** | **212** | **612** |
| Asia (excepto Japón) | 550 | 870 |
| África | 95 | 125 |
| América Latina | 17 | 75 |
| TOTAL **(países dominados)** | **662** | **1070** |

*en millones de habitantes

## PAÍSES CON MAYOR EMIGRACIÓN (1870-1900)




## Inmigración europea en distintos territorios
(en millones de personas)




Fuente: Carr Saunders, *World Population.*




Dúas ilustracións que parodian o fenómeno do imperialismo




## B) FACTORES POLÍTICOS E IDEOLÓXICOS:

- A **interpretación actual do imperalismo** = combinación de factores económicos con outros de **carácter político e ideolóxico:**

**a) *Factores políticos*:**

☹ Desexo de ampliar as zonas de influencia das principais potencias = forma de aumentar o poder político fronte ás demáis e obstaculizar ás competidoras.

☹ Interese dos gobernos en demostrar co seu imperio colonial a súa capacidade de influencia na diplomacia internacional.

- Todo isto promoveu unha carreira por controlar novos territorios (Asia e África) antes de que o fixesen as potencias rivais .

*b) Factores ideolóxicos:*

- **Non son realmente causas** que provoquen o fenómeno, senón **argumentos para influir na opinión pública de cada país**. Por exemplo:

☠ Concepcións racistas: **idea dunha raza branca superior** (incluso con base científica = *darwinismo social*) ➔ **lexitimación para impoñerse sobre o resto de razas, ás que debe civilizar.**

☠ **Ideas nacionalistas:** o feito de dominar a outras sociedades era considerada a **forma de reafirmar a forza de cada país** ➔ ideas de ***orgullo nacional* e prestixio internacional.**

- Desta forma extendeuse o convencemento de que os europeos tiñan o **deber de espallar a súa civilización entre os pobos considerados inferiores, co uso da forza se era "necesario".**










- Pero tamén existen **correntes anticolonialistas** na opinión pública:
  - ☺ *Conservadores:* que se opoñen por alto custo da colonización, q non compensa os resultados obtidos.
  - ☻ *Socialistas:* (Segunda Internacional) condenan formalmente o imperialismo e denuncian a *explotación* capitalista que se extiende a escala planetaria.
- As causas anteriores foron favorecidos por **outros factores**: desenvolvemento técnico no transporte (marítimo e fluvial), das armas, do telégrafo, medicamentos ou da construción (apertura do Canal de Suez en 1869). Todos estes avances ➔ **facilitaron comunicacións e control militar de zonas afastadas**.



nauguración do canal de Suez en 1869,

**Reducción de la duración de la travesía por el canal de Suez**

*De Liverpool a…*

| | |
|---|---|
| *Bombay* | *42%* |
| *Calcuta* | *32%* |
| *Singapur* | *39%* |
| *Yokohama* | *23%* |

LESOURD, J. A. Y GERARD, C.: *Historia económica mundial*. Barcelona, Vicens Vives, 1964



- Todos estes factores (económicos, ideolóxicos, políticos, técnicos…) ➔ ***reparto do mundo*** entre as potencias capitalistas, integrando colonias en posición económica dependente ➔ consecuencias:

☹ **Destrución manufactura local** ➔ as colonias deben ser consumidoras (mercado de consumo) de manufacturas industriais da metrópole.

☹ **Exportación de materias primas e fontes de enerxía baratas para a metrópole.**

☹ **Explotación de recursos das colonias con capitais exteriores** ➔ exportación dos beneficios á metrópole.

☹ **Instalación na colonia de infraestructuras orientadas ao exterior** (Ex: ferrocarril e vías de comunicación desde áreas mineiras e industriais directamente a portos).




# MAPA DOS PRINCIPAIS POTENCIAS COLONIAIS (1914)

# 2. O REPARTO DO MUNDO.

## A) DO COLONIALISMO AO IMPERIALISMO. TRAZOS PRINCIPAIS

- **Imperialismo do S.XIX** = culminación dun proceso iniciado no S. XVI, cando as potencias atlánticas (España e Portugal) iniciaron o descubrimento e colonización de novas terras. Pero o imperialismo difiere moito do colonialismo anterior. **Diferencias**:

  - **Situación:** os vellos imperios coloniais (español, portugués,…) estaban situados sobre todo en América, en gran parte emancipada no S.XIX. Pola contra, os novos imperios coloniais van a estar situados en **África e Asia principalmente**.

  - **Tipo de colonias:** antigas colonias = colonias de asentamento (creación polos colonos de sociedades semellantes á europea). As novas colonias = **colonias de ocupación** ➔ pequena minoría de europeos exerce o control político e económico, mentres maioría de poboación allea á europeización.

- **Ritmo de ocupación:** lento e limitado na etapa anterior ➔ **rápido no S.XIX** ( os europeos pasan de dominar o 35% do mundo en 1800 ao 84% en 1914).

- **Conflictos:** as posesións coloniais anteriores ➔ escasos conflictos entre potencias. Pero co imperialismo no S.XIX ➔ ↑ carácter belicoso ➔ **guerras constantes**, xa qe expansión colonial = obxectivo fundamental económico e político dos países industrializados.



## B) O REPARTO DE ÁFRICA.

- **Pto de partida:** inicios de S. XIX os europeos só dispoñían de **factorías costeiras e pequenas colonias.**

  Intereses económicos, políticos e afán de aventura ➔ **reparto de África** ➔ en poucas décadas case totalmente en mans europeas (agás Liberia e Abisinia).
- **Primeiros pasos**: **sociedades científicas e misioneras** ➔ exploración do interior do continente ao longo do S.XIX para coñecemento xeografía, flora e fauna ou para extender relixión cristiá. Destacan exploradores como Henry Stanley e David Livingstone.
- **Principais zonas exploradas** foron as cuncas dos ríos Níxer e Nilo, o Sáhara, Sudán e ríos Congo e Zambeze.
- **Dende décadas 1870-80** ➔ aumento de expedicións e algunhas potencias (GB e Francia) ➔ xa non exploran senón que conquistan e dominan.







David Livingstone (1813-1873).







Principais exploracións no continente africano no S.XIX.




- **Intervencións:**

☠ **Británica: tenta unir o Norte e o Sur de África** mediante ferrocarril O Cairo – O Cabo ➔ **dominación fachada oriental e así controlar o Océano Índico** (conectar coa India = *perla* do imperio británico) ➔ **obtención de territorios** (Exipto, Sudán, Kenia, Sudáfrica…) **ricos en materias primas** e minerais (ouro, diamantes…) **e de gran valor estratéxico** para acceso ao Indico (Canal de Suez).

☠ *Francesa*: tenta **dominar norte e oeste do continente**. Desde posesións iniciais en Alxeria e Senegal, Francia **foi dominando o norte** (Marrocos, Tunisia) **e extenderse polo centro** (Sahel) cara Sudán ➔ conflicto con GB (Faschoda, 1898)

☠ **Rei de Bélxica**: Leopolodo II encarga a Stanley a **exploración da cunca do Congo**, entrando en **conflicto con comerciantes alemáns e franceses** ➔ Congo = zona de conflicto.

Caricatura da pretensión británica de unir as súas posesións africanas








**Imaxe e caricatura da Conferencia de Berlín)**

- **Tensión no Congo** ➔ convocatoria dunha **Conferencia Internacional en Berlín** polo chanceler Bismarck (1885) ➔ **medidas acordadas**:
  - **Libre navegación polos ríos Congo e Níxer**, asignando o territorio do Congo ao rei Leopoldo II de Bélxica ➔ Congo belga.
  - Acórdanse as **regras do reparto de África** ➔ control do litoral dá dereito a todo o territorio, pero só se hai unha ocupación efectiva ➔ *carreira* de ocupación de colonias polas grandes potencias ➔ reparto do mundo en vinte anos.
- A partir de ese momento **outros estados europeos** penetraron en África ➔ Alemania en África negra (Camerún, Tanganika e África sudoccidental), Portugal (Ángola e Mozambique, onde tiña previamente posesións costeiras), Italia (Libia e Somalia)...




Fuente: Elaboración propia a partir de diversas fuentes históricas.




Caricatura sobre o conflicto do territorio de Fachoda aparecida en Le Petit Journal, 1898.

- A partir deste punto as aumentan as tensións ➔ conflictos:

☹ *Choque de intereses expansionistas entre GB e Francia:* en 1898 encontro de exércitos en Faschoda (Alto Sudán) ➔ **crise e guerra a** piques de estoupar ➔ retirada francesa.

☹ ***Guerras bóers en África do sur:*** inicialmente **zona do Cabo** (Sudáfrica) **ocupada por colonos holandeses** (bóers = campesiños) defensores do escravismo.

A inicios S.XIX o territorio caeu baixo **dominio británico** ➔ expulsión dos bóers ás répúblicas veciñas de Oranxe e Transvaal. A aparición de diamantes nestas últimas ➔ interese británico en dominalas ➔ negativa bóer ➔ **guerras bóers entre colonos e británicos** (1899-1902) ➔ victoria británica.



DOC. 25. Soldados bóers en 1901.



# El imperio Francés e Inglés en Africa



## C) A OCUPACIÓN DE ASIA.

- **Punto de partida:** Tamén desde o S. XVI os europeos estableceron colonias en Asia = pequenas colonias comerciais na franxa costeira ➔ dominio imperialista no XIX.
- **Diferencias co caso africano:**
  - ☯ No continente asiático interveñen novas potencias: ademáis de GB e Francia, aparecen outras como Holanda (Indonesia), Rusia, Xapón e EEUU (Filipinas).
  - ☯ Enfrontamentos e conflictos constantes: enfrontamento entre GB, Francia e Holanda polo SE asiático, choque entre Gran Bretaña e Rusia en Asia central (Persia e Afganistán), EEUU con España por Filipinas, e Xapón e Rusia por parte de China.






- **Actuacións:**

☯ Británica: desenvolveuse principalmente en **Asia central e meridional**, sobre todo en torno á **India**, onde desde o século XVIII a Compañía inglesa das Indias posuía algúns portos (Calcuta e Bombai…). Grazas á axuda do goberno inglés a Compañía deu conquistado boa parte do territorio indio.

- A mediados do S XIX a **revolta dos sipaios** (soldados indios do exército británico) ➔ sustitución Compañía por goberno inglés, **incorporando á colonia ao imperio británico** (Acta de Goberno da India, 1876) ➔ India pasaba a depender directamente da Coroa británica (reina Victoria de Inglaterra ➔ emperatriz da India) a través dun vicerrei (representante da raiña na colonia).

☯ **India = principal mostra de poderío británico.** Para garantir unha **zona de seguridade arredor desta colonia**, os ingleses anexionaron polo este **Birmania** (1886), **Malasia** e **Singapur** tras conflicto cos franceses e polo oeste loitaron con Rusia polo dominio de **Afganistán** (1880).







**Familia británica na India tomando o té**







- **Francesa: centro en Indochina** (Cochinchina = rexión do río Mekong e Camboia) ➔ guerra con China ➔ anexión dos protectorados de Annam e Tonquín ➔ formación Unión **Indochina francesa** (1887), que incluía as actuais **Vietnam, Laos e Camboia.**

\- **Para evitar conflictos con GB** (presente na zona en Birmania, Malasia e Singapur) mantívose ***estado tapón*** **de Siam** (actual Tailandia) entre os 2 imperios.

► **China non foi dominada por ningún país**, aínda que os europeos conseguiron a comezos do XIX establecer **enclaves comerciais**, sobre todo os británicos, que compraban té e seda china a cambio de opio (moi consumido plos chineses) → prohibición de entrada de opio polo goberno chinés en 1839 → **Guerras do opio entre China e GB** → victoria británica → **Tratado de Nanking** (1842) → medidas:

£ Os británicos acadan a ***posesión de Hong Kong***.

£ ***Apertura de 12 portos chineses*** **ao comercio británico**.






Guerras do Opio (1839-1842)

- Entre 1885 e 1911 produciuse un auténtico **asalto á China** por parte dos países europeos e Xapón:
  - ☹ Francia situouse ao SE.
  - ☹ GB no Sur e centro.
  - ☹ Rusia e Xapón arredor de Manchuria (NE).
  - ☹ Alemaña na península de Shandong.




- Este expolio occidental de China ➔ **reaccións e conflictos:**
  - 💣 ***Levantamento dos Cen Días*** (1898).
  - 💣 ***Revolta popular dos bóxers*** (1900-1911) contra os occidentais.
- Finalmente no ano 1911, unha **revolución** puxo **fin ao imperio chino** e proclamou a **república** nun intento de liberarse da dependencia estranxeira e rexenerar o país.



Revolta dos Bóxers









CHINA NO CÓMIC







# CHINA NO CINE




**Expansión das principais potencias en Asia**

# 3. NOVAS POTENCIAS IMPERIALISTAS

- A finais do S.XIX a mundialización do capitalismo favorece a **2 potencias extraeuropeas:** EEUU e Xapón.

☆ IMPERIALISMO NORTEAMERICANO.

- Base ideolóxica para a expansión norteamericana = **Doutrina Monroe** (1823) ➔ **dereito de EEUU a intervir en calquer lugar do mundo** en defensa dos seus intereses.
- **2 fases:**

a) ***1ª etapa*** (ata década 1860): **EEUU expándese pola súa fronteira occidental** ➔ conquista do Oeste, de 2 formas:

☹ ***colonizando territorios vendidos*** (Luisiana, Florida) ***ou cedidos*** (Oregón) por potencias europeas.

☹ ***conquista militar de Texas e guerra con México***, xustificada por "**destino manifiesto**" (destino a construir un gran país de costa a costa) ➔ derrota de México ➔ **incorporación estados do oeste** (Arizona, California, Nevada, Novo México, Utah…).






**Bandeira de Texas**



**Tipi sioux**

- No seu avance hacia o Oeste → **expulsión dos amerindios** das súas terras e **creación de reservas para controlalos.** Moitas comunidades néganse (apaches, navajos, sioux…) → **aniquilación** por parte do exército estadounidense.

- Co tempo configuración dunha **sociedade dual:**
  - ☺ *Estados industriais do norte:* economía industrial proteccionista.
  - ☺ *Estados escravistas do sur:* economía de plantación (tabaco, algodón) e basada no **traballo escravo**.
- ↑ **Diferencia estados** ➔ ruptura en 1860 (elección presidente defensor abolición escravitude: A. Lincoln) ➔ **secesión dos Estados do Sur** (➔ formación Confederación) ➔ **Guerra Civil** (1861-1865)➔ Norte (Unión) vs Sur (Confederación) ➔ **Triunfo Norte e sometemento Sur.**



*12 de abril de 1861*

# El comienzo de la Guerra de Secesión de EE UU

*La escisión de siete estados de la Unión inicia la «primera gran guerra moderna»*

**Por fuertes diferencias económicas, sociales y políticas entre ambos bloques, algunos estados del sur forman la Confederación, a la que poco a poco se van uniendo otros de la misma ideología.**

## LAS CAUSAS DE LA GUERRA

| | Ideológicas | Económicas | Sociales |
|---|---|---|---|
| Norte | Abolición de la esclavitud. Refugio de esclavos fugados del sur | Industrial, comercial y proteccionista de sus productos | Con más burguesía y oportunidades de trabajo |
| Sur | El esclavismo era fundamental para la agricultura | Fundamentalmente agrícola y librecambista | Aristócrata y esclavista |






## NORTE



**Ulysses S. Grant**
Responsable de la contraofensiva al sur. Utilizó en el campo de batalla el **método de desgaste contra el general Lee.** 18° presidente de EE UU



**Uniforme**

- No se dictan **normas** respecto a los uniformes **hasta 1862**
- Los abrigos, chaquetas y pantalones debían ser de material **azul oscuro**
- Por falta de producción, se usaban ropas caseras azules que se **llegaban a desteñir**



**Bandera de la Unión**
Presentada por Lincoln en 1861. Las 34 estrellas representan los distintos estados de la Unión



**Abraham Lincoln**
Miembro fundador del partido republicano en el estado de Illinois. Liberó a los esclavos mediante la Proclamación de Emancipación

## SUR



**Jefferson Davis**
Presidente confederado hasta el final de la guerra civil. Partidario de una secesión pacífica, intentó retrasar la guerra lo más posible.

**Bandera de los Confederados**
Sufrió más cambios por la continua secesión de Estados. La más famosa era la de batalla de 1865 con 13 estrellas



**Uniforme**

- No tenían estilo único. **Los soldados usaban colores distintos,** incluso azul
- Las ropas se teñían también con cascarillas de nueces dando **tonos marrones y grises**
- **Los primeros uniformes grises** comenzaron a fabricarse en Alabama



**Robert E. Lee**
Rechazó asumir el mando del ejército unionista ya que nació en Virginia. **Considerado uno de los más brillantes estrategas** de la historia de EE UU

## Cronología

**20-12-1860**
Una vez elegido Abraham Lincoln como Presidente, el Gobierno de Carolina del Sur lo considera una amenaza **y se escinde de la Unión de Estados de América**

**Enero de 1861**
**Mississipi, Florida, Alabama, Georgia y Lousiana** siguen a Carolina del Sur en la secesión. **Kansas** toma partido por la Unión como el 34° estado de la misma

**Feb. de 1861**
Se forman los **Estados Confederados de América,** jurando **Jefferson Davis como presidente**. Texas se separa de la Unión

**Marzo 1861**
Lincoln toma juramento como Presidente de los Estados Unidos de América. Por su parte, **el Congreso Confederado adopta su Constitución**

**12-4-1861**
**Tropas confederadas atacan a los unionistas de Fort Sumter.** Comienza la guerra civil americana

**Abr.-may. 1861**
**Virginia, Arkansas y Carolina del Norte** inician su secesión. **Richmond (Virginia)** pasa a ser la capital de los Estados Confederados

**Jun. de 1861**
**Tennesse** se convierte en el 11° estado que se une a la Confederación

**Oct.-nov. 1861**
**Missouri y Kentucky** reclaman la escisión de la Unión. Aunque el Norte no accede, **la Confederación los integra como aliados**

**FUENTE:** "The causes of the American Civil War", Edwin C. Rozwenc

**Documentación:** Pelayo Álvarez

**ESTUDIO SICILIA**

**b) 2ª *etapa*** (a partir Guerra civil): **EEUU desborda as súas fronteiras** ➔ imperialismo ➔ **2 actuacións:**

*$ Ocupación efectiva*: merca **Alaska** a Rusia e ocupa arquipélagos no Pacífico (**Hawai, Filipinas**…).

*$ Intervención en Centroamérica* = área preferente imperialismo americano (*patio de atrás*) ➔ Guerra con España (1898) por **Cuba e Porto Rico** e intervencións militares (**Panamá**…).

- **Imperialismo americano** ➔ conquista pouco, pero protexe intereses económicos (compañías estadounidenses) con intervención política e económica sobre todo (*Diplomacia do dólar*).



Caricatura do Tío Sam e Don Quijote alusiva á Guerra de 1898.




Caricatura alusiva a la máxima del presidente Theodor Roosevelt: "Hablad suavemente pero llevad un grueso bastón". Editada en la revista Puck en 1905.



ALASKA
(1867)
SAJALÍN
(1905)
MANCHURIA
(1905)
ISLAS KURILES
(1875)
OCÉANO
PACÍFICO
COREA
(1910)
JAPÓN
ISLAS RYUKYU
(1879)
FORMOSA
(1895)
ESTADOS UNIDOS
MIDWAY
(1867)
CUBA
(1898-1903)
PUERTO RICO
(1898)
REP. DOMINICANA
(1905)
IS. VÍRGENES
(1917)
HAWAI
(1898)
FILIPINAS
(1898)
WAKE
(1899)
NICARAGUA (1909)
ZONA DEL CANAL (1903)
PANAMÁ (1903)
GUAM
(1898)
SAMOA
(1878)
Japón y territorios anexionados
Ejes de expansión de Japón
Protectorados de Estados Unidos
Estados Unidos y territorios anexionados
Ejes de expansión de Estados Unidos









**CINE BASADO NA HISTORIA: EEUU no S.XIX**



## ☯ IMPERIALISMO NIPÓN.

- Ata o S.XIX Imperio xaponés estaba dominado por un **sistema feudal** (Shogunato) = sistema político basado nun xefe militar (Shogun) apoiado por poderosas familias señores feudais (daimios e samurais), pola contra **o emperador non tiña ningún tipo de poder** (só honorífico).
- Ata mediados S. XIX **Xapón mantívose illado do resto do mundo** ➔ **apertura pola forza de portos xaponeses** ao comercio de EEUU e de potencias europeas ➔ sometemento xaponés aos occidentais ➔ ***Revolución Meiji*** (1868) = movemento reformista que buscaba a restauración autoridade do emperador e a rexeneración do país.
- Rev Meiji ➔ **modernización ec, social e política** ➔ abolición feudalismo e adopción modelo político liberal ➔ **Constitución de 1889** (Carta outorgada do emperador) ➔ medidas: igualdade individuos, separación poderes, parlamento bicameral, sufraxio censitario.
- Ademáis da Constitución apróbanse **reformas económicas e sociais** ➔ Xapón = **gran potencia económica no S. XX**.



Emperador xaponés ante os seus súbditos

Apertura  dos portos xaponeses ao comercio





Samurais e oficiais do exército nipón






- **Principais obxectivos imperialismo nipón** =
  a) alimentar e dar saída á crecente poboación xaponesa .
  b) obter materias primas e mercados para industrias
- O imperialismo xaponés dirixese a **Corea e Manchuria** (NE de China) ➔ **tensións e conflictos con China e Rusia**:

☠ ***Guerra chino-xaponesa (1894-95):*** debido á intervención xaponesa en Corea (1867), estado vasalo chinés. A guerra terminou cunha **vitoria cómoda xaponesa ➔ incorporación de Formosa** e outras illas do Pacífico e **tutela sobre Corea**.

☠ ***Guerra ruso-xaponesa (1905)***: polo **interés xaponés por Manchuria** ➔ enfrontamento coa Rusia tsarista ➔ **victoria nipona ➔ dominio sobre Corea e sur de Manchuria** ➔ Xapón convertíase nunha gran potencia imperialista



Soldados xaponeses na guerra ruso-xaponesa

# 4. FORMAS DE ORGANIZACIÓN DAS COLONIAS

- Unha vez conquistadas, as colonias eran organizadas para ser controladas e administradas polas metrópoles, formas de organización:

☹ COLONIA: non tiñan goberno propio e **dependían directamente da administración metropolitana**. A autoridade na colonia soía estar en mans dun gobernador, axudado por grupo de funcionarios ➔ elite dirixente.

☹ PROTECTORADO: **teóricamente tiña goberno propio independente**, respetado aparentemente pola metrópole, pero está soía dominar certas competencias como defensa e relacións exteriores (Exipto, Marrocos…).

☹ MANDATOS: naceron tras a Iª GM, creados pola Sociedade de Nacións para **facerse cargo das colonias das potencias perdedoras** (Alemaña, Imp Turco…) ➔ una potencia colonial vencedora facíase cargo dun determinado territorio en nome da SdN.

☹ COLONIAS DE POBOAMENTO (DOMINIOS): **Colonias con abundante poboación europea** sobre unha escasa pob indíxena (abundantes no Imp Británico: Canadá, Australia…), moi axiña dispuxeron de goberno e parlamentos propios ➔ autogoberno.




# EVOLUCIÓN IMPERIO BRITÁNICO

# COLONIAS FRANCESAS






# 5. CONSECUENCIAS DO IMPERIALISMO

CONSECUENCIAS

4 tipos:

**ECONÓMICAS:**
- Agás para a elite (nobreza e burguesía) a situación empeorou para toda pob.
- Abandono terras e cultivos tradicionais → monocultivo extensivo dominado polos europeos → exportación (plantacións: caucho, café, algodón, cacao)

**DEMOGRÁFICAS**
Novas vacinas, Mellora hixiene e hospitais → ↓Mortalidade →↑ pob → Ruptura equilibrio pob- recursos → ↑ Subalimentación e fame (África).

**SOCIAIS**
-Colonización → desbarataron vida tribal e xerarquías sociais.
-Colonizadores trazaron colonias sen ter en conta unidades étnicas e relixiosas → ruptura unidades nacionais → odios e enfrontamentos entre propios indíxenas

**CULTURAIS**
-Fomento ensino europeo e difusión cristianismo por misións → costumes autóctonas non resistiron o impacto da cultura occ, agás en certas zonas de Asia (ex: India).




# MAPA DOS PRINCIPAIS POTENCIAS COLONIAIS (1914)